

C

Consideraciones

1.- Panorama económico

- As restricións á mobilidade e á actividade económica para conter a pandemia provocada pola covid-19 tiveron un forte impacto na economía con consecuencias tanto na destrución do tecido produtivo como no aumento do desemprego e da desigualdade social ou o deterioro das contas públicas a pesar das medidas de choque postas en marcha polos distintos gobernos. Desde o CES instamos aos poderes públicos que, aproveitando os fondos europeos para a reconstrución, aposten por unha política económica que facilite un crecemento económico duradeiro e sostible.
- A pandemia provocada pola covid-19 provocou unha crise sanitaria, económica e social nunca antes vivida por nós, e unha contracción sen precedentes de toda a actividade mundial. O CES considera que é necesario avaliar os efectos das medidas tomadas neste contexto, de maneira que se poidan establecer algúns mecanismos de resposta ante posibles situacións similares no futuro.
- O CES quere advertir aos poderes públicos que nas vindeiras medidas a adoptar deberán ter en conta que a situación da economía mundial tende a presentar un desabastecemento e alza desmedida nos prezos de insumos e aprovisionamentos básicos, o que está a frear e incluso paralizar a actividade de numerosas empresas lastrando a recuperación económica e a creación de emprego.
- Reforzar a resiliencia da economía galega para impulsar a transformación dixital e ecolóxica, así como a innovación, é para o CES fundamental para mellorar a eficiencia produtiva da economía.
- O actual escenario de continuo cambio e profundas transformacións debe ser tomado, en opinión do CES, como unha oportunidade para impulsar o cambio a un sistema produtivo máis tecnolóxico, innovador e sostible, xerador de crecemento económico e emprego de calidade.

- A pandemia puxo en evidencia a necesidade de protección e conservación da natureza. O cambio climático e a perda de biodiversidade xeran elevados custos económicos e sociais e agravan os riscos sanitarios; de aí a necesidade de protexer o medio ambiente, entre outras, potenciando a economía circular.
- O CES considera que Galicia, en relación co resto das Comunidades Autónomas, debe seguir avanzando en materia de competitividade rexional, levando a cabo accións que permitan avanzar na competitividade en ámbitos tales como un entorno institucional adecuado ou unha maior eficiencia e apoio á innovación.
- Os avances logrados na converxencia de Galicia coa Unión Europea perdéronse coa crise económica, polo que o CES considera necesario que se tomen medidas dirixidas a reverter esta tendencia que permitan mellorar na senda da converxencia no contexto da Unión Europea.
- O descenso e o envellecemento da poboación convértese en Galicia, e especialmente no medio rural, nun fenómeno estrutural, agravado como consecuencia da pandemia da covid-19. Este feito leva ao CES a urxir que se realicen políticas dirixidas a cambiar esta situación a través do fomento da natalidade, freo a saída da mocidade, etc.

...

2.- Mercado de traballo e relacións laborais

- O mercado laboral no ano 2020 sofre un forte impacto como consecuencia da crise orixinada pola covid-19, o que levou o medre das desigualdades das persoas traballadoras e un importante axuste de emprego que se produce nos máis vulnerables: a mocidade, poboación asalariada temporal, con xornada parcial e persoas con menor nivel educativo e mulleres. Isto é indicativo da persistencia das debilidades detectadas en anos anteriores, o que intensifica a urxencia de revertir esa tendencia co obxectivo de maximizar a creación de emprego, sendo prioritarios os colectivos máis afectados pola crise sanitaria, a través dun crecemento económico máis inclusivo da actividade económica.
- A situación tan excepcional xerada pola pandemia causada pola covid-19 e que levou a unha situación de parálise total da actividade económica, así como as diferentes vagas que tiveron lugar, non está recollidas en toda a súa dimensión nos indicadores do mercado de traballo. É imprescindible estar atentos á súa evolución nos próximos meses e incluso anos, e terán que ser postos en relación á situación sen precedentes vivida neste 2020.
- A profunda recesión económica producida e a súa incidencia no mercado de traballo fan necesario seguir impulsando medidas de apoio específicas que contribúan á protección dos nosos autónomos, empresas e persoas traballadoras. Os autónomos precisan de apoios na súa loita pola continuidade da súa actividade, as empresas de incentivos que lles permitan manter a súa actividade e o emprego, e as persoas traballadoras estar protexidas nesta situación de especial vulnerabilidade.
- Os fondos Next Generation EU deben ser tomados como unha oportunidade para adaptar o noso mercado laboral aos cambios que se producirán e lograr unha importante xeración de emprego de calidade, e para isto é imprescindible que sexan utilizados coa máxima eficiencia.

- O CES quere pór en valor o esforzo realizado nas negociacións das distintas medidas de protección que permitiron, en certa maneira, atenuar o forte impacto que cabe esperar no mercado de traballo dunha crise como a orixinada pola covid-19.

Poboación activa

- A pandemia que sufrimos no ano 2020 agravou un dos problemas máis acuciantes do mercado de traballo galego: a perda de poboación activa. Desde o CES reiteramos a necesidade de implementar medidas que revertan esta tendencia.
- Especialmente grave é a perda de poboación activa feminina, xa que o descenso non só se debe a problemas estritamente laborais, senón tamén ás dificultades de conciliación, feito que a pandemia evidenciou extremadamente. Polo que desde o CES consideramos imprescindible ter en conta o impacto de xénero das medidas que se leven a cabo.
- Para o CES é un obxectivo prioritario revertir a perda de poboación activa, sobre todo na poboación moza polo que se deben arbitrar as actuacións precisas para conseguilo. Os fondos públicos, incrementados nos próximos anos polo novo marco de apoio comunitario, debe aproveitarse para tal fin.

Ocupación

- A afectación do emprego en determinados sectores ou ramas de actividade fai que se teñan que diversificar e intensificar os esforzos na creación de emprego en novos sectores ligados a outro modelo máis respectuoso co medio ambiente, a biodiversidade e a economía circular, entre outros.
- As persoas traballadoras con contratos temporais e/ou a tempo parcial resultaron ser tamén as máis afectadas pola crise actual, coa perda dos seus postos de traballo, ao igual que en anteriores crises, polo que enfrontarse ás crises dende a estabilidade no mercado laboral resultaría moito máis beneficioso, conseguindo maiores niveis de mantemento de emprego, polo que demandamos que se tomen medidas para diminuír as taxas de temporalidade e a parcialidade involuntaria, tanto no sector privado como público.

Actividades consideradas como esenciais

- O CES quere poñer en valor o esforzo das persoas traballadoras que prestaron e prestan servizos esenciais durante a pandemia provocada pola covid-19, á que tiveron que facer fronte con medidas escasas e incluso inexistentes. Esta crise puxo de manifesto as necesidades de sistemas básicos como o sanitario, o educativo ou o de servizos sociais. Faise necesario adoptar decisións que permitan unha reestruturación que garanta sempre e ante futuras crises o mantemento da continuidade da prestación dos servizos esenciais de calidade.
- As actividades relacionadas cos coidados tornáronse prioritarios con esta crise. Son actividades onde a presenza feminina é predominante e o emprego informal está moi presente, polo que desde o CES instamos unha vez máis aos poderes públicos a tomar medidas para rematar con este tipo de empregos. Asemade, considera necesario dotar de máis medios materiais e humanos de calidade.

Dixitalización e teletraballo

- Os grandes cambios experimentados na maneira de traballar e de consumir aceleraron o proceso de dixitalización, o teletraballo, o comercio electrónico, etc., volvéndose imprescindibles na pandemia, polo que é preciso un

verdadeiro esforzo na formación en competencias dixitais e en adaptación ao cambio ou transformación técnica e organizativa, co obxectivo de acabar coa brecha laboral dixital.

- A fenda dixital de xénero, idade, territorio ou capacidade económica é outra das características do mercado de traballo en Galicia. Nunha economía cada vez máis dixitalizada, cómpre tomar medidas neste senso e evitar que dita fenda se traduza a curto prazo nunha maior desigualdade.
- O teletraballo converteuse nunha modalidade de traballo cunha presenza importante, polo que desde o CES consideramos que a regulación do mesmo debe protexer especialmente á persoa traballadora: entre outras consideracións quedar definida a voluntariedade por parte da persoa traballadora; realizar avaliacións de risco en todo o que teña que ver coa saúde do traballador ou traballadora e garantir a desconexión dixital.

Formación

- A formación volve presentarse como unha ferramenta imprescindible para persoas traballadoras, que en esta época de profundos cambios deberán adaptarse ás necesidades requiridas polo tecido produtivo, que precisan ser competitivas para ser eficientes e mesmo para sobrevivir.

Desemprego e taxa de paro

- As elevadas cifras de desemprego e inactividade, pola imposibilidade da procura activa de emprego, fan máis necesario que nunca arbitrar un cambio nas políticas públicas de emprego, que melloren a inserción laboral. Estas políticas deben someterse a un seguimento e análise continuo que permita detectar de maneira flexible os fallos do sistema. Deberán ter especial incidencia no desemprego xuvenil, que presenta alarmantes taxas de desemprego que é preciso revertir.
- O apoio ao emprego da mocidade debe ser considerado non só como unha prioridade, senón como unha necesidade e unha demanda social. Neste sentido, a formación nas novas capacidades que demanda o tecido produtivo constitúe un elemento cada vez máis importante para cubrir as demandas de persoal cualificado das empresas e mellorar a cualificación das persoas ocupadas ou que buscan emprego.

Seguridade e saúde no traballo

- A crise sanitaria pon en evidencia as dificultades de implantar de maneira áxil cambios no ámbito da seguridade e saúde no traballo, polo que é preciso arbitrar medidas para mellorar este aspecto dotando de suficientes recursos humanos e materiais ao sistema.

...

3.- Dinamismo do tecido produtivo

- O parón de numerosas actividades económicas decretado polo goberno, xunto ás dificultades doutros sectores de seguir traballando con normalidade nunha situación de confinamento da poboación e, polo tanto, caída drástica do consumo e da produción, produciu unha caída do Produto Interior Bruto no ano 2020 sen precedentes históricos. Así, desde o CES entendemos que é necesario apoiar a recuperación económica, e que a mesma se traslade á creación de emprego.
- A crise non está afectando de igual maneira a unhas actividades ca outras. Algunhas poden saír reforzadas (como a alimentación e loxística entre outras) pero outras, especialmente as de maior presenza de pemes e persoas autónomas (moi ligadas ao turismo e o comercio), poden sufrir danos irreparables sen non hai unha actuación pública eficaz.
- A crise económica e social provocada pola pandemia da covid-19 supuxo unha recesión sen precedentes a nivel mundial. O CES quere chamar a atención sobre o contexto de incerteza que se abre entre nós, debido, entre outras cuestións, á descoñecida duración da crise, o impacto desigual nos sectores e a diferente evolución da situación sanitaria (ritmos de vacinación e novas cepas) van ser determinantes. É por elo que as políticas económicas post-pandemia deben ser áxiles, expansivas e contundentes para poder regresar á senda do crecemento económico estable.
- O Instrumento Comunitario de Financiación Next Generation EU é unha oportunidade única que debemos aproveitar eficientemente para a reactivación da actividade económica e dotar de solidez ao noso tecido produtivo.
- Esta nova crise xurde en plena transición dixital, o que agrava as importantes incertezas sobre a produtividade e as dificultades de adaptación das empresas á dixitalización, así como a fenda dixital (de xénero, idade, territorio

ou capacidade económica), polo que é o momento de que os poderes públicos desenvolvan estratexias que faciliten a cohesión social e territorial de Galicia.

- O CES demanda ao goberno que aposte nos sectores produtivos por unha dixitalización inclusiva, un impulso decidido á I+D+i e unha transición enerxética xusta como panca da recuperación económica.
- Neste contexto de crise sanitaria e de gran sensibilización da cidadanía é urxente potenciar as actividades dirixidas a mitigar a crise medioambiental, de conservación da biodiversidade mediante actividades intensivas en emprego, como son a agricultura e a gandaría ecolóxicas, o coidado e limpeza dos bosques, así como a recuperación de especies e espazos naturais. Deste xeito potenciaríase o desenvolvemento rural e local de maneira sostible.
- A produción de alimentos non se debe desligar das necesidades ambientais, da saúde da poboación, do despoñoamento do rural, etc., polo que dende o CES demandamos que se potencie unha produción sostible, así como apoiar os circuitos curtos de comercialización e transformación de produtos.
- O CES insta á Administración para que vele as relacións entre os operadores da cadea de valor do leite e doutros produtos agrogandeiros, de xeito que se produza un equilibrio que permita a viabilidade do sector agrogandeiro galego, que é estratéxico para o noso medio rural.
- O sector industrial sofre con esta crise unha acusada perda de produción e emprego. O CES considera que se debe impulsar este sector xa que se trata dun sector clave no crecemento económico, na xeración de emprego de calidade e na competitividade. O novo financiamento europeo debe servir para a implantación de proxectos industriais innovadores que logren unha diversificación produtiva.
- Dado o elevado prezo da electricidade en comparación coa media europea, o CES reclama que se leven a cabo actuacións que teñan como resultado a redución do prezo da electricidade, tanto para particulares como para a industria, e facer esta última máis competitiva.
- O CES manifesta a súa preocupación sobre a mala evolución de todos os sectores da economía galega e, en especial, o sector industrial e o comercio, e entende que deben poñerse en marcha todas as medidas de apoio e os instrumentos orzamentarios necesarios con axilidade para reactivalos con fortaleza e dinamismo.
- Un dos sectores máis afectados pola crise provocada pola pandemia foi o turismo. O CES demanda políticas que fomenten o incremento do valor engadido do sector, mediante accións dirixidas á súa profesionalización, á mellora da calidade do servizo e á desestacionalización.
- O CES insta á Administración a potenciar un turismo sostible e de calidade; entendemos que se debe compatibilizar a industria turística coa protección do medio e a calidade de vida nas cidades.
- O turismo é, en opinión do CES, un sector que cada vez aporta maior valor á economía galega, por iso é importante apoiar a súa consolidación como artellador do tecido socioeconómico do noso territorio.
- O comercio de proximidade está a sufrir de maneira intensa a crise provocada pola pandemia agravado pola era dixital, polo que é urxente o apoio por parte das administracións públicas a este sector co fin de que introduza as innovacións necesarias que permitan a súa supervivencia.

- O sector financeiro continúa no proceso de axuste da súa capacidade mediante a redución de oficinas e empregos, o que está a supoñer que cada vez máis concellos non contan con ningunha oficina, especialmente no rural. Unido a isto, a redución de horarios de atención ao público e a implantación da dixitalización como única vía para acceder a certos servizos, limita o acceso aos mesmos ás pequenas empresas e ás persoas especialmente vulnerables. O CES considera que os poderes públicos teñen que facer fronte a este problema.
- O Instrumento comunitario de financiación Next Generation EU é, segundo o CES, unha oportunidade para a nosa economía pero debe ser empregado nunha dobre vía: por un lado para corrixir os nosos desequilibrios estruturais e por outro para adaptarnos ás novas tendencias (dixitalización, economía verde, etc.) que permitirán ás empresas ser máis competitivas.
- En opinión do CES, a presenza no noso tecido empresarial dun elevado número de empresas de pequeno tamaño y de persoas autónomas fíxonos máis vulnerables ante a crise, polo que é necesario un plan que permita minimizar o seu risco de insolvencia e, polo tanto, de peche.
- Faise necesario limitar a dependencia de subministros básicos procedentes de países terceiros e reactivar a industria local en tanto que representa un importante motor económico e actividade tractora de moitos outros sectores auxiliares, sendo tamén unha importante fonte de emprego de calidade.

...

4.- Calidade de vida e benestar social

- A crise sanitaria provocada pola covid 19 fixo que a saúde pública cobrara un protagonismo excepcional, pondo, ao mesmo tempo en evidencia os seus déficits. Desde o CES reclamamos un maior esforzo nos recursos destinados a este fin.

- A pandemia provocada pola covid-19 evidenciou a profesionalidade e implicación dos profesionais do sector sanitario e asistencial, aínda que tamén puxo de manifesto a necesidade de redeseñar o mesmo, prestando especial atención ao coidado das persoas maiores e persoas dependentes, garantindo de forma homoxénea a saúde e os coidados da poboación.

Sanidade

- A crise ocasionada pola pandemia sitúa, aínda máis, á sanidade no centro das prioridades. A evolución do gasto sanitario presenta unha tendencia positiva pero de desigual comportamento por programas e o orzamento da atención primaria apenas aumenta co respecto ao inicio da crise económica de 2008. O CES considera que se debe de cambiar esta tendencia.

- A atención primaria é un elemento central para o bo funcionamento do sistema de saúde; por iso unha boa dotación de equipos e persoal é fundamental para o bo funcionamento do mesmo, feito que se evidenciou nesta crise sanitaria; polo que desde o CES instamos aos poderes públicos unha atención prioritaria á mesma.

- A pandemia tamén agravou outro dos males endémicos do sistema sanitario galego: a lista de agarda na atención especializada. Cómpre un esforzo extra neste senso para facer fronte non só a este agravamento senón tamén para mitigar un problema estrutural do sistema sanitario.

- Os problemas de saúde mental víronse agravados a causa da pandemia, cuxa necesidade de reforzamento era xa palmaria antes da mesma; é por isto que desde o CES reiteramos aos poderes públicos a necesidade de prestar especial atención ao seguimento e control ao Plan Galego de Saúde Mental, coa participación de todos os sectores afectados, que promova unha saúde mental en positivo, con especial atención aos menores e coa introdución da perspectiva de xénero.
- O CES alerta da necesidade de comprometer os recursos necesarios para facer fronte á atención de toda a actividade adiada pola crise. Neste senso, faise imprescindible potenciar a innovación sanitaria.
- Faise necesario incrementar o investimento e dotar de máis recursos á investigación sanitaria ao tempo que será imprescindible preparar e organizar o sistema sanitario a fin de poder dar resposta aos efectos detectados en pacientes infectados polo SARS-COV-2 que en moitos casos presentan síntomas persistentes e alteracións derivadas non só da infección mais tamén dos ingresos hospitalarios e tratamentos recibidos.

Protección social, pobreza e exclusión social

- O CES entende que corrixir os desequilibrios sociais debe ser sempre unha prioridade e unha máxima das políticas públicas e considera necesario axustar os sistemas de protección social para que se adapten ás novas realidades que a pandemia puxo de manifesto.
- O desigual impacto da pandemia na poboación xerou unha nova repunta da pobreza e das desigualdades sociais, especialmente entre a poboación máis nova, mulleres e persoas inmigrantes, cando aínda se mantiñan en niveis moi elevados; polo que desde o CES demandamos unha maior eficacia e nivel de cobertura na asignación das axudas.
- Os efectos da crise sanitaria non están recollidos na estatística en termos de pobreza, aínda así os últimos datos publicados sinalan que a taxa de risco de pobreza en Galicia permanece estancada, sendo moi preocupantes as taxas de fogares dun adulto con nenos ou mozos a cargo, situación que pode verse agravada pola pandemia. Neste senso, o CES constata que é urxente levar a cabo unha serie de medidas para intentar reducir ditas taxas de maneira efectiva.

Vivenda

- A vivenda está sendo un ben de difícil acceso para unha parte importante da poboación, especialmente para a poboación máis nova. É por iso que desde o CES reclamamos aos poderes públicos actuacións e medidas co obxectivo de facilitar o acceso á mesma especialmente á poboación máis nova e con menores recursos económicos.

Dependencia

- A crise sanitaria pon en evidencia as carencias no sistema de dependencia. O CES considera que é preciso que se extremen as melloras no ámbito das residencias, por ser as que sufriron os peores efectos da pandemia, e se destinen maiores recursos humanos e materiais nun sector tan necesario nun contexto de elevado envellecemento da poboación.
- Dado o grado de envellecemento da poboación en Galicia e a constatación, por parte do CES, dun aumento do tempo transcorrido dende a solicitude de dependencia ata o recoñecemento da prestación, considera que é necesario dedicar máis medios para reverter esta situación.

- A pandemia tamén puxo en evidencia as limitacións das prestacións ofrecidas polo sistema de atención á dependencia, que fan necesario un cambio en profundidade do sistema. Desde o CES reclamamos unha mellora do sistema en aspectos tan importantes como o financiamento e lista de agarda para recibir atención, entre outros.

Violencia de xénero e doméstica

- O CES considera que se debe de incrementar a protección das vítimas nos casos da violencia de xénero polas elevadas demandas de axuda especializada que requiriu a vítima, así como da violencia doméstica entre os menores e mozos polo acusado incremento das vítimas no último ano.
- Un ano máis, o CES manifesta a súa preocupación sobre a necesidade de erradicar a violencia de xénero na nosa sociedade e a importancia de dar o apoio necesario ás vítimas que sofren situacións violentas e abusivas para que en ningún caso se sintan desprotexidas.

Protección familias menores a cargo

- Aínda que as políticas de contención do impacto social da crise producida pola pandemia foron importantes e tiveron un efecto positivo, é necesario seguir articulando medidas que fortalezan a capacidade protectora das políticas públicas, en especial as destinadas a familias con menores a cargo.

Medio ambiente

- A preservación do medio ambiente e a loita contra o cambio climático deben ser un dos obxectivos prioritarios a ter en conta por parte dos distintos gobernos. A xuízo do CES, estes obxectivos deben terse en conta en todas as políticas que se implementen; así como levar a cabo campañas de concienciación entre a poboación sobre o uso racional dos recursos.
- A complexa normativa medioambiental estrita e en permanente cambio dificulta seriamente a xestión ambiental nas empresas, especialmente nas pemes, polo que o CES considera necesario desenvolver actuacións que contribúan a implementar esta xestión nas mesmas co propósito de alcanzar os ambiciosos obxectivos europeos na loita polo cambio climático.

...

5.- Recursos e capacidades para o desenvolvemento

Capital humano

- A crise provocada pola pandemia tivo efectos profundos sobre o sistema educativo. A interrupción da ensinanza presencial deu paso á educación dixital. O CES considera que é preciso abordar os atrancos que se detectaron na implantación desta modalidade e evitar a brecha dixital.
- Tralas especiais circunstancias motivadas pola pandemia, o CES quere alertar sobre a necesidade de garantir que ante posibles necesidades futuras todo o alumnado poida acceder a unha educación dixital.
- A profunda transformación á que se enfrenta o noso tecido produtivo debe ir acompañada por un sistema educativo e formativo flexible e áxil que lle permita adaptarse a estes cambios en beneficio do progreso da nosa sociedade.

Investigación e tecnoloxía

- A crise provocada pola covid-19 pon de relevo o papel central do I+D+i na economía, así como a insuficiencia do sistema de ciencia e innovación en sectores estratéxicos, polo que desde o CES demandamos reforzar o sistema I+D+i, máxime nun momento no que Galicia está perdendo posicións fronte ao conxunto das rexións europeas.
- O CES considera que se debe dar un forte impulso para que o gasto en I+D acade valores en torno á media da Unión Europea, que permitan unha mellora de competitividade e unha rápida e eficiente adaptación aos grandes cambios tecnolóxicos ligados a un modelo máis sostenido e sostible.
- O aporte da ciencia, a investigación e a colaboración público-privada foron claves na recuperación económica e social neste ano de pandemia, por isto o CES considera esencial mellorar e impulsar esta colaboración entre a ciencia e a empresas, apostando polo talento investigador como base para unha recuperación transformadora.

- O CES considera que é preciso dotar de maior estabilidade e calidade no emprego ao persoal investigador de Galicia, aproveitando de maneira eficiente os fondos procedentes da Unión Europea.
- O CES considera necesario seguir impulsando a compra pública innovadora como mecanismo tractor da innovación en Galicia.

Fenda dixital

- As fendas dixitais (tanto de xénero como de idade, renda ou territorio) resultaron determinantes para o desigual acceso e o uso das redes durante a crise. Desde o CES instamos aos poderes públicos investir nunha maior capacitación das persoas para que esta fenda non se converta nun factor, a maiores, de medre das desigualdades sociais.
- Continúa habendo zonas, especialmente no rural, con acceso moi deficiente á rede. Desde o CES solicitamos que se corrixan estas deficiencias, como medida, entre outras, de fixar poboación no rural.

Formación/capacitación

- No ámbito das Tecnoloxías da Información e Comunicacóns (TIC), ante a baixa implementación do seu uso, o CES considera necesario reforzar a formación en competencias dixitais no mercado de traballo. ■

